

# Fiadeiro

17 de Maio de 1993

DIA DAS LETRAS GALEGAS



EDUARDO BLANCO AMOR

C. P. Beluso

# FIADDEIRO

## INDICE :


- 2.- ÍNDICE.
- 3.- INTRODUCCIÓN ( AS LETRAS GALEGAS )
- 4.- BLANCO AMOR : VIDA.
- 5.- OBRA POÉTICA.
- 6 - 7.- OBRA NARRATIVA.
- 8.- OBRA TEATRAL.
- 9.- COLABORACIÓN : OVNIS.
- 10.- EVOLUCIÓN DO AUTOMÓBIL.
- 11.- CARTA DA NATUREZA.
- 12.- CONCURSO DE REDACCIÓN CAIXAVIGO :  
PRIMEIRO SELECCIONADO DO CICLO MEDIO.
- 13.- POESÍAS.
- 14.- A BIBLIOTECA DO COLEXIO : INFORME DO  
PRIMEIRO CUATRIMESTRE.
- 15 - 16.- DEPORTES
- 17.- PASATEMPOS.
- 18 -19.- PASATEMPOS EN INGLÉS.
- 20.- RUMORES.

# Introducción

O cumplirse o centenario da publicación do libro de Rosalía de Castro, "CANTARES GALLEGOS", instituíuse ese día (17 de maio) como Día das Letras Galegas, adicándoselle o primeiro ano (17 de maio de 1963) a Rosalía.

Este ano adicáveselle a Eduardo Blanco Amor polo que nas seguintes páxinas vou falar del.


Justo me moite facer este traballo porque investigando e buscando cousas sobre a vida e a obra de Blanco Amor, aprendín moito sobre un escritor que antes descoñecía.



Eduardo Blanco Amor

# Blanco Amor's Vida:

Eduardo Blanco Amor nasceu em Ourense em 1897. Sendo moi novo emigrou á Arxentina, onde pasou a maior parte da súa vida. Alí desenvolve actividades culturais de carácter galego, fundando e dirixindo revistas literarias da comunidade galega en Buenos Aires, o tempo que se relaciona co ambiente literario arxentino. Como corresponsal da prensa daquel país viaxou a España de 1929 a 1931 e de 1933 a 1935, e entra en contacto cos poetas españois da xeración do 27 (especialmente con Federico García Lorca, que publica por eses anos os seus Seis poemas galegos, con prologo do propio Blanco Amor). O volve á Arxentina, defende na prensa a causa republicana durante a guerra civil española, e, rematada esta, colabora con afiliados en diversas actividades de oposición antifascista, proseguindo o seu labor cultural galego e fundando o Teatro Popular Galego de Buenos Aires. Morreu en Galicia, o día 2 de Nadal de 1979.



### OBRA POÉTICA

A primeira obra literaria de Blanco Amor ten lugar no ano 1928, cando publica Romances galegos, libro de poesía o que lle seguirían Poema en catro tempos (1931) e, despois da guerra civil, Cancioneiro (1951).

A poesía de Blanco Amor caracterízase polo emprego de formas e temáticas moi variadas, que van desde a estética do modernismo á linguaxe das vangardas e desde o tema do mar ata as composicións de intención social.

O máis elaborado e homoxéneo dos seus libros é o Poema en catro tempos, especie de canto elexíaco pola morte duns mariñeiros. Remata cunha solemne marcha fúnebre polos mariñeiros mortos, idealizados como heroes inmortais:

Fosforescentes nimbos glorifican  
o teu grave perfil, que se repuxa  
no medallón do mar.

Mans coloidales mazmen a túa carne  
para que suba, ingrávada e eterna,  
a florecer nos camposantos cósmicos.

Todas as ondas doncelas  
con branca toca de escumas  
dóndoches o adeus e bicate nos beizos.



#### OBRA NARRATIVA


**A esmorga** (1959). Esta primeira novela de Eduardo Blanco Amor, publicada en plena madurez, é un clásico da literatura galega. Iníciase a obra cunha "documentación" onde o autor explica, empregando a primeira persoa, como chegou a obter a información do que se relata a continuación: os sucesos ocorridos durante un día de esmorga o Castizo, o Bocas e o Mihomes e o seu trágico remate.

Durante as 24 horas de esmorga, os protagonistas móvense por diversos escenarios do ambiente urbano ou suburbial de Auria-trasunto literario de Ourense-, cunha acción moi variada na que se mesturan breves historias secundarias con múltiples personaxes.

A presenza constante dunha climatoloxía adversa-chuvia, corisco, xeada- convértese nun motivo recorrente e simbólico da novela. O capítulo V -o derradeiro- remata coa intervención do autor que aparecía na "documentación"

" -¿Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a dicir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e se unhas non houberan pasado as outras tampouco.

-¿Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou".




**Os biosbardos** (1962). Escritos como "contos para a xente", trátase dun conxunto de sete relatos breves que presentan como rasgos comúns: a narración en primeira persoa, a protagonización infantil ou adolescente, a ambientación urbana, ourensá, na que se desenvolven os acontecementos e o tempo histórico o que se refiren (as dúas primeiras décadas do século XX).

Cada un destes contos perfila experiencias diversas, intensas e dramáticas do mundo infantil, rescatando para o soño instante fuxidíos do pasado. O feito de que cada relato estea posto en boca dun narrador-neno distinto constitúe un acerto para mostrar de forma máis verosímil e universal diversas vivencias, que constitúe a esencia da infancia rescatada pola memoria: a autoafirmación, a incompreensión, a irrupción do marabilloso, a transgrsión das normas dos adultos, a descuberta do sexo, ...etc.

**Xente ao lonxe** (1972). É a crónica da familia Vilar, desde o nacemento do derradeiro dos fillos ata a inminente morte do pai, Aser, cinco anos despois.

Pero a novela non é só unha saga familiar senón tamén unha crónica social na que os acontecementos ambientais e cilectivos van condicionando a ideoloxía e actuación dos



## OBRA TEATRAL

O teatro de Blanco Amor mostra un pulo renovador un tanto afastado do teatro galego tradicional, e máis en consonancia coa produción dramática de Valle Inclán ou García Lorca. *Marsas para Títeres* é un libro que reúne seis pezas imaxinativas, cun grande dinamismo e cheo de elementos fantásticos que contribúen a disolver a súa incisiva sátira. A deformación grotesca da realidade, o expresionismo crítico e a mestura do trágico co cómico, fan lembrar os esperpentos de Valle Inclán, mentr que a consciente falta de verosimilitude dos personaxes e o seu mundo conectan co teatro épico de Bertold Brecht. Ademais, Blanco Amor introduce elementos do teatro do absurdo e emprega un humor irónico e retranqueiro, que xunto coas anteriores influencias dan lugar a pezas de indubidable orixinalidade dentro do panorama do teatro de posguerra.

Teatro para a xente, un conxunto de catro obras e 3 contos escénicos, segue os patróns das pezas anteriores.

# OVNIS

## QUE SON OS OVNIS?

O termo OVNI significa Obxecto Voador Non Identificado. Este nome foi acuñado por Edward Ruppelt, capitán da Forza Aérea de E.E.U.U., para designar a aqueles casos que, despois de ser investigados, non se logran identificar e permanecen como unha incógnita.

## DESDE CANDO NOS VISITAN OS EXTRATERRESTRES?

Pénsase que os homes da antigüidade foron visitados por extraterrestres. Así o demostran unhas pinturas rupestres que mostran uns extraterrestres provistos dunha escafandra e un traxe ó que se lle pode chamar espacial.

Tamén as misteriosas pistas de Nazca poida que foran aeroportos usados na antigüidade polos visitantes do Cosmos.

Tampouco se pode deixar de mencionar ó profeta Ezequiel, que fala na Biblia do que podería ser considerado como un OVNI.

E non só coñeceron ós extraterrestres senón que tamén pode que coñeceran a enerxía atómica, xa que nunha pintura rupestre, cinco "astronautas" extraterrestres que, despois de cumprida a súa misión retornan a súa nave espacial propulsada por enerxía nuclear, vese que os dous primeiros astronautas levan cántaros de auga pesada; os outros tres, os elementos necesarios para a combustión de uranio.

No libro de Churchward "The lost continent of Mu" está descrita unha aventura ocorrida ós remotos habitantes desa terra. Lemos un fragmento: "Cando a estrela Ball caíu alá onde agora non hai máis que mar, as sete cidades tremeron coas súas portas e os seus templos: brotou unha gran chamarada e as rúas encheronse de denso fume. Os homes tremeron de medo e unha gran multitude xuntouse nos templos e no palacio do rei. Este, dixo: "¿Acaso non vos anunciara isto?" e os homes e as mulleres, vestidos cos seus preciosos traxes e adornos, coas súas preciosas xoias, imploraronlle e rogáronlle: "¡Salvanos, Ra-Mu! Pero o rei predixolles que todos debían morrer, cos seus escravos e cos seus fillos, e que das súas cinzas nacería unha nova raza humana ...)".

"Brotou unha gran chamarada e as rúas encheronse de denso fume".  
"Armas atómicas 12.000 anos antes de Cristo? Todo é posible..."

## A IDADE MODERNA DOS OVNIS.

A idade moderna dos OVNIS comezou o 24 de xuño de 1947 cando Kenneth Arnold, piloto e negociante de Idaho, E.E.U.U., observou unha formación de obxectos brillantes e ovalados mentres voaba sobre a cadea montañosa de Cascade, no estado de Washington, E.E.U.U.

Cando o 7 de xaneiro de 1948, Thomas Mantell, capitán da Forza Aérea de E.E.U.U., perdeu a vida perseguindo a algo que identificou como un "OVNI metálico de xigantesco tamaño", a preocupación polo fenómeno pasou a outro nivel.


## AS NAVES.

Os OVNIS desafían as leis físicas naturais. Son capaces de desenvolver, a partir do punto morto, fantásticas aceleracións da orde de varios miles de quilómetros por hora.

A enerxía que os impulsa procede, según o capitán Flantier, dos raios cósmicos. Esta forma de enerxía electromagnética atópase en todo o universo e prodúcese ó facer explosión as estrelas chamadas supernovas.


A opinión do capitán Smith é que as grandes naves "nodrizas" usan, nas súas viaxes interestelares, a fusión nuclear ou tal vez os raios cósmicos. Os nódulos de recoñecemento utilizan os campos magnéticos de forza.

Ademais das súas grandes velocidades, os OVNIS, realizan fantásticas maniobras, non soñadas polos científicos. A ilustración seguinte mostra algunhas desas maniobras.



A maioría dos OVNIS non fan ningún ruído aparente aínda que outros parecen emitir efectos sonoros, tales como vibracións de baixa frecuencia, silbidos ou zumbidos peculiarés.

Os OVNIS son descritos de moi diversas formas e tamaños. As principais son as seguintes:




As horas do día as cores dos OVNIS van do chumbo metálico ó prateado e o branco. Durante a noite hai unha grande variación de cores; entre eles o vermello, o amarelo, o azul, o verde e o branco.

As patas dos OVNIS son moi variadas. Podem ser como bolas grandes, con aspecto de muelles, en forma de disco, con patas flexibles como as das arañas ou con patas de luz. O modelo máis antigo de patas de OVNIS está descrito na Biblia polo profeta Ezequiel.

### OS TRIPULANTES.

A variedade que se dá nos tripulantes dos OVNIS é enorme. Hoxe, despois de corenta e cinco anos de estudar o fenómeno, chegaron-se a catalogar, según algúns, ata setenta clases de ovninautas diferentes. Podémoslos encontrar de todos os tamaños e formas. E referíndose as súas cualidades "morais", acharémoslos con boas e con malas intencións e, na súa maior parte, neutros, é dicir, que só se limitan a observarnos e estudiarnos.


Os debuxos seguintes representan extranos humanoides que, na década dos 50, foron vistos en diversos lugares de Kentucky:




## EVOLUCIÓN DO AUTOMÓBIL




Mors 40 (1902)




De Dion-Bouton BG (1907)




Rolls-Royce Phantom II Continental (1938)




Austin-Healey 3000



Ford Taurus 17



Jaguar "E"



Jeep Grand Cherokee



Cadillac Seville STS



Chrysler Voyager



### FORD, HENRY :

Industrial estadounidense, pioneiro da construción automobilística en serie. Nacido en Dearborn, Michigan, o 30 de Xullo de 1863. Fillo dun modesto granxeiro irlandés que emigrou ós Estados Unidos. Cando tifa 16 anos, trasládase a Detroit para traballar como mecánico en diversos talleres, ingresando como montador reparador (1882) nunha manufactura de maquinaria agrícola. Cando alcanza o grado de maquinista, seu pai regálalle un terreo no que instala unha serrería (1885). En 1888 trasládase novamente a Detroit, na calidade de enxeñeiro-xefe da Edison Illuminating Company. En 1889 funda a Detroit Automobile Company co apoio de varios capitalistas. Nos momentos libres, constrúe peza por peza o seu primeiro automóbil, un cuatriciclo con motor, de catro cabalos, refrixerábase con auga e carecía de marcha atrás. Perfeccionando a súa construción o ano seguinte fabricando o famoso "borseles" con motor de dous cilindros, do que realiza tres exemplares distintos. En 1902 crea a Henry Ford Company e en 1903 a Ford Motor Company. En 1907 quédase coa totalidade das accións sendo dese modo o único dono da empresa. Gracias a fabricación en cadea, o modelo "T" móntase en 93 minutos; e así en 1912 a cifra de 75.000 coches anuais.

## Carta da Natureza

Hola amigos: eu son a Natureza. Todos me coñecedes. Nos atardeceros, no arcos da vella, cando unha follas xando nace un pito...

Regúroos que sempre estou chea de traballos; claro... que me axudan as ninfas, os duendes, os gnomos as fadas e moitos mais... O meu traballo é moi variado na Primavera encho ás árbores de flores e de novo e brillantes follas, despertar as plantas e os osos; encher todo de cor.

No Verán, facer que a xente se levante nas miñas prauas, madurar os frutos e quentar mais a bombilla que nos dá luz e calor. En Outono, repartir a chuvia e o vento para que os animais empreden o seu letargo. Deixar caer como: lermello, marrón, amarello e algún que outro verde.

No Inverno nunca me decido se ir a neve ou a chuva e vento...

Por medio desta carta pidaros que me caideades, e que me disfrutades a tope. I de un día o bosque ou o vaso seardin... Vereades a fermosa que estou!

Non me contaminedes

Eván Pastoriza  
5°C

CONCURSO DE REDACCIÓN CAIXAVIGO  
PRIMEIRO PREMIO NA SELECCIÓN DO CICLO MEDIO  
"XA NON RECORDO SI FOI CERTO OU UN SONO"

Xa non recordo si foi certo ou un sono o que un bo día me ocorreu un parque de atraccións do meu pobo. A min gústame o bonito carrusel. Entón díxenlle ós meus pais que ía ir nel. O carrusel era grande con dez ou once cabalos e na punta do carrusel había unha grande estrela de cor anarelo. Eu subínme a un cabalo. Nuns instantes o carrusel comezou a andar. Xa déramos unhas voltas e xa me empezaba a marear. Por iso pechei un pouco os ollos e alguén díxome: ¡Ola amiga!, ¿queres dar unha volta pola cidade?

Eu miraba para tódolos lados e non vía a ninguén.

Aquela voz volveu a falar: Estou aquí.

Eu insistín de novo e preguntei outra vez. ¿Onde?. "Aquí, son o cabalo". "Pregunteiche se querías dar unha volta pola cidade".

Eu respondílle que si. O cabalo empezou a descender pouco a pouco. Nun intre estábamos voando. Era maravilloso o contemplar aquela bonita paisaxe que miraba : o mar, as rías, a cidade etc...

Logo vin un inmenso bosque e o cabalo díxome: "Vamos a baixar para que mires unha cousa".

Eu calei e baixamos pouco a pouco. Ó chegar alí aterrezamos nunha explanada bastante grande e o cabalo díxome: "Mira, debes ir a facer unha cousa por min xa que eu estou algo canso para seguir.

Debes andar uns cantos metros e encontrarás un pobo. Nese pobo hai unha casa branca cunhas varandas de madeira. Timbra e dílle que vés de parte de Llefri, pero todo o que mires non debe asustarte e si che dan ou din algo non o desperdicias porque che pode ser moi útil e o que che digan tamén. Dílle que vou morrer. Eu estarei esperando ata que veñas.

Eu funme sen protestar. Ó chegar alí mirei algo maravilloso e único. Había moitas casas e os animais falaban, traballaban etc... Eu busquei aquela casa e non tardei en encontrala. Timbrei e fixen todo como Llefri mandara. Saíu unha cegoña e díxenlle que vifia de parte de Llefri, e díxenlle o que Llefri me mandou. Díxéronme que pasara e déronme un talismán e díxéronme: "Conservo, cando esteas nalgún apuro axudarache. Invitáronme a quedar a durmir. Díxenlle que si. Fun xunto a Llefri e díxenlle que me quedaba aquela noite. El díxome que me esperaba. Volvín ó pobo e funme un cabalo a pasear. Era algo sorprendente. Había flores, os paxaros cantaban todo o día.

Eu durmín aquela noite e pola mañá despedínme e funme, pero a miña sorpresa foi que ó chegar, Llefri estaba morto. Chorei un pouco pensando en como chegaría á casa pero acordeime do talismán. Collino, aperteino fortemente e, de súpeto, estaba na miña casa.


Meus pais preguntáronme onde estivera eu.

Díxenlle que era moi largo de contar.

E cada noite que miraba ó ceo Unha estrela brillaba e eu sabía que era Llefri.

Xa non recordo si foi certo ou un sono, solo sei que o pasei moi ben e aprendín que nalgún sitio existen os animais que falan e moitas cousas bonitas.

Mirian Ferradáns Ferradás 5-A



# Regasias

## TRISTES RECORDOS

Cofecéronse un día,  
un home e unha muller.  
El enamorouse dela  
e ela enamorouse del.

Tódolos días se vían,  
víanse no mesmo lugar,  
á mesma hora de sempre  
e empezaban a falar.

Falaban das súas cousas,  
das cousas que lles pasaban.  
Por unha cousa ou por outra,  
eles nunca calaban.

Non chegaron a casarse,  
pois el morreu nunha guerra,  
a rapaza entristecida,  
adicouse sempre á terra.

Ela gañaba os cartos  
traballando duramente,  
así conseguía vivir,  
non moi alegremente.

Nun día de chuvia apareceu,  
ela tumbada nun terreo.  
Quiso quitarse a vida  
para atopárese no ceo.

Eloy Gestido de la Torre. 8ªA



## UN AMOR QUE SE ESVAECE

Dunha mirada  
unha historia comezou,  
ela a amada  
en min tropezou,  
e esa mirada,  
tranquila, no meu corpo se meteu.

Temendo un día,  
o noso romance seguiu,  
ela se me iría,  
e todo rematou.

Sen un adeus,  
sen unha mirada,  
meu corazón latexou.

Secundino Dacosta Rodal. 8ªA


# A BIBLIOTECA DO COLEXIO

## INFORME DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO ANO 1993

Dende que comenzou o ano, contabilizáronse 414 préstamos ós alumnos comprendidos entre os niveis terceiro e oitavo, ámbolos dous incluídos.


Non se fixeron préstamos ós nenos do Primeiro Ciclo de Primaria (primeiro - segundo nivel).

A media de lectura foi de 6'46 libros prestados por día.




Neste gráfico, salvo en sétimo onde o número nenos é parello co das nenas, hai unha grande diversidade segundo sexa nenos ou nenas os lectores: As nenas de terceiro len moito, e non así os seus compañeiros masculinos. Os alumnos de quinto len bastante, mentres as alumnas non tanto.

### ¿QUE SE LE?



Como se pode apreciar no diagrama, os libros máis lidos son os de lingua castelá, agás no C. Superior. Son máis apetecibles os clasificados para o Ciclo Medio que os do Ciclo Inicial.

### ¿CANTO TARDAN? (...en devolve-los libros)



Fixate no diagrama e contéstalle:  
 ¿Cantos rapaces tardan en devolve-los máis dun mes?  
 ¿Hai moitos que os devolven ó día seguinte?

### CONCLUSIÓN :

- Non se le moito.
- As nenas len máis cos nenos :
  - . 43'7 % de nenos
  - . 65'3 % de nenas.
 (Hai que ter en conta que entre os alumnos lectores posibles, hai un 38% de rapazas e un 62% de rapaces.)

Dispoñemos dun total de 1.381 volumes que se "aburren" un pouco nos estantes.

¡ ANÍMATE !  
 ¡ LENDO PÁSASE BEN !

# DEPORTES

## OS NOSOS ESCUDOS


A continuación insertamos os escudos dos diferentes equipos que participan no campionato de fútbol do noso colexio.




O campionato empezará en novembro e, debido ás inclemencias meteorolóxicas, rematará proxima— na liguilla de 3º e 4º van quintos equipos: ROMPEBALO liga de 5º-6º hai unha entre LOS ASES DEL BALON Entre 7º e 8º existe unha clara vantaxe

Hai que destacar tu deportivo que participa e todos ata o final e non lle com— diferentes árbitros que, en xeral, están a facelo bastante ben.




7º A amosan a maioría dos agardamos que sexa así pliquen demasiado a vida ós





Cada Cursa no seu Lugar .  
 Demostra o ben que se te da a xeografía  
 indica en que continente se halla el 6 países e  
 coas letras que figuran formaran un nome



Niquel A. , Jose B, ALBERTO, David, Jose M.


AÍNDA QUE SOMOS GALEGOS  
TAMÉN SABEMOS INGLÉS,  
E A VÓS, ÓS QUE VOS GUSTA,  
QUEREMOS SATISFACER.

# FUN AND GAMES




Busca nesta sopa de letras 19 verbos regulares en Inglés.

Salvador Piedras Fernández.




In the diagram write the names of the ten animals you can recognise in this funny creatures.




Busca nesta sopa de letras 15 palabras

relacionadas coa familia casa.



Daniel Canosa Costas.

EIQUÍ TEDES MÁIS,  
INCLUÍDO UNHA  
RECEITA PARA OS  
"ARGUIRANO'S BOYS".  
¡PROBÁDEA!



**GLOSSARY**

1 to be in a hurry (expr.) tener prisa. — 2 crazy (adj.)  
crullente. — 3 assessing (adj.) humesante. — 4 wrap-  
ping (s.) envase, envoltorio. — 5 gap (s.) hueco, ve-  
cío. — 6 to chop (v. t.) cortar en pedazos, triturar. — 7  
minced (adj.) picado (referido a la carne). — 8 bread-  
crumb (s.) pan rallado. — 9 to dip (v.) (-)dipped-dipped. v.  
l.) vertor. — 10 petty (s.) pasatillo, porción.



LAMBURGERS

**Ingredients:**

- 25 g butter
- 1 chopped onion
- 500 g minced lamb
- 1 stick of chopped celery
- 1 tablespoon of tomato purée
- 1 tablespoon of tomato ketchup
- 1 teaspoon of dried mixed herbs
- salt and pepper
- 50 g of white breadcrumbs\*
- oil for frying


**To serve:**

- 4 split soft rolls
- fried onions (in rings)
- sliced tomatoes
- lettuce leaves

Melt the butter in a pan, add onion and fry until soft. Tip\* it into a bowl and mix in the lamb, tomato purée and ketchup, celery, herbs, salt and pepper to taste and breadcrumbs.

Divide the mixture into four parts and shape into patties\*. Fry in oil for 12 minutes, turning once. Serve in split rolls with onion rings, sliced tomatoes and lettuce leaves.

**CROSSWORDS**



**ACROSS**

1. ... the weather like in London?
4. I go to ... at 10 o'clock.
6. — Is Monica a secretary?  
— No ... isn't.
8. The post office ... at 9 o'clock.
9. — Is Tom a student?  
— Yes ... is.
10. What time is ...?
15. I come to ... at 7.45.
16. Mrs Beretta's a ...

17. It's ...



18. Denis ... lunch at 12.30.

**DOWN**

1. I have a ... at 7.15.
2. How old ... you?



3.



4.

5. — What does Mr Wilkins ...?  
— He's a train driver.
7. — What's ... name?  
— Barbara.



11.

12. A ... of milk, please.
13. I ... TV at 8 o'clock.
14. Denis ... football at 5.45.

## RUMORES

- Corren rumores de que D. Ignacio quere impugnar os rumores. ... pero non lle deixan.
- Corren rumores de que moitos rapaces do Colexio estudian para anxos e sempre están nas nubes.
- Corren rumores de que no Colexio non collen máis bichos.
- Corren rumores de que unha botella de lixivia dura tres meses no Colexio.
- Corren rumores de que as Letras Galegas queren aprender inglés con dona Dori.
- Corren rumores de que as Ciencias Sociais son "A historia interminable".
- Corren rumores de que os mestres poñen o pretexto de que a canastra está a caer para non xogar un partido de baloncesto cos alumnos.
- Corren rumores de que hai un mestre no Colexio que afirma que ten perfil árabe, e temos sorte que non use cimitarra.
- Corren rumores de que as persianas do Colexio son de M.B. (Malas e baratas)
- Corren rumores de que dona Dori quere facerlle a competencia a Arguiñano coas súas receitas.
- Corren rumores de que os porteiros pertencen a ONCE ...cada día un número.
- Corren rumores de que os mestres da Segunda Etapa foron as dunas de Corrubedo para facer contrabando de area.
- Corren rumores de que as paredes do Colexio son pintadas cada cen anos. ...itócanos!.
- Corren rumores de que D. Servilio ten un xogo de "Maxia Borrás", pois ten moitos truquiños para as súas clases.
- Corren rumores de que no Colexio non se aplica o de: "Las autoridades sanitarias advierten que fumar perjudica seriamente la salud", pois a Sala de Profesores cheira a fume que apesta.
- Corren rumores de que a historia de D. Paco é máis grande cá de Primo de Rivera.
- Corren rumores de que nos servicios do Colexio hai escapes nucleares.
- CORREN RUMORES DE QUE OS RUMORES CORREN, CORREN, CORREN... (MENOS MAL)

